

BASES DO CONCURSO DE PEQUENOS RELATOS

A Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, AGACA, no marco da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, impulsada dende a Consellería de Traballo e Benestar, convoca un Concurso de Pequenos Relatos co fin de impulsar —por parte dos nenos e nenas das vilas—, o interese polo cooperativismo de Galicia e un mellor coñecemento do medio rural, os alimentos, a agricultura e a gandería estimulando a súa curiosidade e talento a través da escritura.

1. Poderá concorrer o alumnado de 3º e 4º curso de primaria dos colexios públicos de toda Galicia. Procurarase que haxa un reparto equilibrado de participantes entre as dúas categorías.
2. Temática. O relato xirará arredor da cooperación, do cooperativismo, os alimentos, a agricultura, a gandería ou o medio rural, a elixir ou decidir polos profesores.
3. As obras presentadas deberán ser orixinais e inéditas non tendo sido premiadas, nin publicadas con anterioridade. Deberán ser relatos escritos de forma manuscrita e coidando a presentación para que resulten facilmente lexibles.
4. Os relatos levarán un título e a súa autoría constará perfectamente identificada co nome e apelidos do alumno/a, a clase e curso no que estuda e nome do colexio.
5. Extensión: Os relatos non poderán exceder de tres folios por unha cara e escritos a man.
6. Lingua: As obras deberán estar escritas preferiblemente en galego.
7. Cada colexio participante deberá escoller, de entre todas as obras presentadas polo alumnado, os tres mellores relatos, a criterio do profesor ou profesora ou do colexio e envialos a AGACA por correo postal.
8. O Xurado dos Premios estará integrado por tres persoas: un escritor galego, un membro da Secretaría Xeral de Emprego e un integrante da Asociación. Seleccionará dous relatos pertencentes un deles, a un alumno ou alumna de 3º de EP e o outro a un alumno ou alumna de 4º curso de EP, que recibirán cadanseu premio.

9. Os relatos dirixiranse ao seguinte enderezo:

Concurso Pequenos Relatos AGACA
Rúa Tomiño 22.-Entrechán
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Deberán indicar tamén o nome dunha persoa representante da escola xunto cun teléfono de contacto e unha dirección de correo electrónico.

10. O prazo de admisión dos relatos finalizará o 30 de abril de 2020.

PREMIOS

11. Os dous alumnos ou alumnas que acaden o premio recibirán como obsequio unha consola ou videoxogo e un lote de libros infantís de lectura.
12. Os mellores relatos poderán publicarse na revista de AGACA, *Cooperación Galega*, mencionando expresamente o nome do autor ou autora, o colexio e á Rede Eusumo.
13. Os dous colexios gañadores recibirán 500 euros cada un e un diploma acreditativo —onde se recoñece que un alumno ou alumna dese colexio resultou premiado—, emitido por AGACA.
14. As imaxes do acto de entrega dos premios publicaranse na revista *Cooperación Galega* enviando posteriormente a Asociación, algún exemplar a todos os colexios participantes.

Para a entrega dos premios acordarase unha data na que representantes da Asociación e da Consellería se desprazarán ata os colexios e nun pequeno acto na clase ou onde designe o colexio, o alumno ou alumna gañador/a lerá o seu relato e faráselle entrega do premio.

O acto tamén será recollido con imaxes (fotos/vídeos) que despois poderán ser difundidas a través de distintos medios de comunicación, entre eles a propia revista da Asociación, a páxina web e redes sociais, para o que será preciso que os pais/nais ou titores do alumnado asinen a ficha de participación e dean a súa autorización para a publicación das imaxes especificada.

A participación neste certame supón a aceptación destas bases.

Importante

A información ofrecida é meramente orientadora. As bases do concurso poden estar suxeitas a cambios, sempre por motivos razoables e tratando de respectar a esencia do Certame.

Lembrar: xunto co envío dos relatos é preciso incluír a autorización e consentimento para a realización das fotografías e publicación das imaxes, asinado polos titores ou representantes legais dos menores.